

RETOS EDUCATIVOS 6º EDUCACIÓN INFANTIL

O XOGO
MANTENNOS
VIVOS E VITAIS.

CEIP MESTRE RODRÍGUEZ
XIXIREI COVID 19



1º RETO : MARTES 14/4/20

DEGUSTACIÓN A CEGAS

PARA ESTE RETO NECESITADES ALGO CO QUE TAPAR OS OLLOS, E PREPARAR CON ANTELACIÓN SETE PEQUENOS BOCADOS. TEDES QUE ADIVINAR OS ALIMENTOS QUE IDES A DEGUSTAR ULINDO, SABOREANDO, OÍNDO E TOCANDO, PERO SEN VELO. DURANTE O XOGO DEBEREDES DESCRIBIR O QUE EXPERIMENTADES E AO FINALIZAR PODEDES QUITAR A MÁSCARA E ESCRIBIR O NOME DOS ALIMENTOS NUN PAPEL E SE VOS APETECE FACER UN DEBUXO.

ALGUNHAS SUXERENCIAS SERÍAN:

- 1 GARBANZO COCIDO**
- 1 TOMATE CHERRY OU MEDIO**
- 1 PEDACIÑO DE TORTILLA FRANCESA**
- 1 TROZO DE PEPINILLO**
- 1 TROCIÑO DE SALCHICHÓN, CHOURIZO OU XAMÓN**
- 1 FRESA OU FRAMBUESA**
- 1 PEDAZO DE CHOCOLATE**

SE NON TEDES ESTOS ALIMENTOS PODEDES VARIALOS, E SE SODES MÁIS DUN XOGADOR PROCURADE QUE SEXAN DIFERENTES OU FACELO CONXUNTAMENTE PARA EVITAR VELOS CON ANTELACIÓN. PARA FACELO AÍNDA MÁIS DIFÍCIL PODEDES INTENTAR ESCRIBIR ALGUNHAS LETRAS EN MINÚSCULAS!



**ANIMÁDEVOS A CONSEGUILO E ENVIAR
O RESULTADO AO CORREO DO COLE!!**

2º RETO : MÉRCORES 15/4/20

AMARRAR OS CORDÓNS

ESTE É UN DESAFÍO DE MAIORES!
PERO SE LLE POÑEDES MOITAS GANAS SEGURO QUE O CONSEGUIDES.

PODEDES AMARRAR OS CORDÓNS DALGÚN ZAPATO?

PARA AQUELES/AS QUE XA SABEDES, RÉTOVOS A AMARRAR TÓDOLOS
ZAPATOS QUE ATOPEDES POLA CASA.

AO FINALIZAR ANOTADE O NÚMERO DE ZAPATOS QUE CONSEGUÍCHEDES
AMARRAR E A SÚA TALLA NUN PAPEL.

AQUÍ PODEDES CONSULTAR COMO ENSINAR A AMARRAR OS CORDÓNS

<https://www.youtube.com/watch?v=xmNEVax00kw>



**ANIMÁDEVOS A CONSEGUILO E ENVIAR
O RESULTADO AO CORREO DO COLE!!**

3º RETO : XOVES 16/4/20


**O DESAFÍO DE HOXE PARECE DOADO PERO....
TERÁS QUE ATOPAR NA CASA:**

- 1 OBXECTO DE COR DOURADA**
- 2 OBXECTOS DE COR NEGRA**
- 3 OBXECTOS DE COR VERDE**
- 4 OBXECTOS DE COR LARANXA**
- 5 OBXECTOS DE COR AZUL**
- 6 OBXECTOS DE COR ROSA**
- 7 OBXECTOS DE COR AMARELA**
- 8 OBXECTOS DE COR MARRÓN**
- 9 OBXECTOS DE COR VERMELLA**
- 10 OBXECTOS DE COR PRATEADA**

**PODEDES FACER A SUMA E AVERIGUAR CANTOS
OBXECTOS TEDES EN TOTAL?**

**PARA FACELO MÁIS DIVERTIDO PODEDES XOGAR CON MAMÁ E PAPÁ E
CRONOMETRAR O TEMPO.**

QUEN ATOPA MÁIS



**ANIMÁDEVOS A CONSEGUILO E ENVIAR
O RESULTADO AO CORREO DO COLE!!**

4º RETO : VENRES 17/4/20

ESTE DESAFÍO CONSISTE EN METER UN LAPIS O UN BOLIGRÁFO DENTRO DUNHA BOTELLA SEN EMPREGAR AS MANS.

PRECISAS ATAR O LAPIS OU BOLI A UN FÍO OU UN CORDEL E ATALO NA CINTURA. LOGO AGÁCHATE DEIXANDO A BOTELLA ENTRE AS PERNAS...

PODES INTRODUCILO NO SEU INTERIOR?

**AO REMATAR ANOTA O NÚMERO DE INTENTOS DE CADA XOGADOR/A...
E RECORDA QUE O IMPORTANTE É PARTICIPAR !**

ENCESTA O LAPIS



**ANIMÁDEVOS A CONSEGUILO E ENVIAR
O RESULTADO AO CORREO DO COLE!!**

5º RETO : LUNS 20/4/20

VAS A REALIZAR UN DESAFÍO MÁXICO...CONSISTE EN FACER TINTA INVISIBLE!

A TINTA INVISIBLE PÓDESE FACER DE DIFERENTES XEITOS:

- 1.CON LIMÓN, UN BASTONCIÑO DE ALGODÓN E UNHA LANTERNA OU UNHA VELA.
2. CON TÉMPERA, PINCEL E UNHA VELA.
3. CON LEITE

PODES ESCRIBIR UNHA MENSAXE SECRETA PARA ALGUÉN?

AQUÍ TEDES INFORMACIÓN PARA CONSEGUILO:

<https://www.youtube.com/watch?v=vv8qtr4esoA>

https://www.youtube.com/watch?v=C6E9_u0RR4o

TINTA INVISIBLE



**ANIMÁDEVOS A CONSEGUILO E ENVIAR
O RESULTADO AO CORREO DO COLE!!**

6º RETO : MARTES 21/4/20

ESTE DESAFÍO CONSISTE E FACERSE COAS VOSAS 4 FOTOS PREFERIDAS QUE TEDES POLA CASA EN MARCOS, CADROS, ETC. OU SENÓN TAMÉN PODEDES PEDIRLLE A MAMÁ E PAPÁ QUE VOS DEIXEN ALGÚN ALBUM.

CANDO CONSIGADES AS VOSAS FOTOS FAVORITAS ...

PODES ESCRIBIR O NOME DAS PERSOAS QUE APARECEN?

PODEDES DESCRIBIR O LUGAR ONDE SE SACOU A FOTO?

E POR ÚLTIMO.... PODEDES FACER DÚAS SUMAS CAS PERSOAS QUE SAEN EN DÚAS FOTOS?

QUEN ANDA AÍ?



$$4 + 3 = 7$$



$$2 + 2 = 4$$

ANIMÁDEVOS A CONSEGUILO E ENVIAR O RESULTADO AO CORREO DO COLE!!

7º RETO : MÉRCORES 22/4/20

ATRAPASOÑOS

OS ATRAPASOÑOS TEÑEN A SÚA ORIXE NAS TRIBUS INDIAS AMERICANAS. A LENDA DI QUE SERVEN PARA MANTER CON NÓS AS BOAS IDEAS, OS SOÑOS AGRADABLES E AXUDAN A PROTEXERNOS NESTES DÍAS DIFÍCILES.

**PODES FACER UN PARA ATRAPAR OS SOÑOS E AS BOAS IDEAS?
PODES EMPREGAR OS MATERIAIS QUE QUEIRAS.**

PARA COMPLETAR A ACTIVIDADE PODEDES VER O VIDEOCONTO AS CHAVES DOS SOÑOS:

https://www.youtube.com/watch?v=X_wXJrPOuTk



E AGORA ... SÓ TES QUE COLOCALO NO CABEZAL DA TÚA CAMA E A DURMIR!



**ANIMÁDEVOS A CONSEGUILO E ENVIAR
O RESULTADO AO CORREO DO COLE!!**

8º RETO : XOVES 23/4/20


FIGURAS

HOXE DEBERÁS REPRESENTAR DIFERENTES POSTURAS CORPORAIS.





PODES FACER ESTAS FIGURAS CO TEU CORPO?

PODES REPRODUCIR ESTAS FIGURAS CO MATERIAL QUE TI PREFIRAS?

E POR ÚLTIMO... PODES INVENTAR OUTRAS CATRO POSTURAS DIFERENTES?



**ANIMÁDEVOS A CONSEGUILO E ENVIAR
O RESULTADO AO CORREO DO COLE!!**



**RETO PREMIUM :
VENRES 24/4/20**

**HOXE SÓ PODES XOGAR
CUN CAZO**

ESTE É UN DESAFÍO DE CREATIVIDADE DE NIVEL SUPERIOR

**QUE PODEDES FACER CUN CAZO?
A CANTAS COUSAS DIFERENTES
PODEDES XOGAR?**

RÉTOVOS A XOGAR HOXE SÓ CUN CAZO... SACAR FOTO E ANOTAR TÓDALAS
IDEAS QUE SE VOS OCORREN.

AQUÍ PODEDES VER O CONTO O CAZO DE LORENZO
<https://www.youtube.com/watch?v=5pUmAOTQqCg>

Un conto para aprender a superar as dificultades
e aceptar as diferenzas.



**ANIMÁDEVOS A CONSEGUILO E ENVIAR
O RESULTADO AO CORREO DO COLE!!**

RETO FINAL

CREA O TEU RETO

O DESAFÍO DE HOXE CORRE DA TÚA MAN....

PODES INVENTAR UN RETO EXTRAORDINARIO E PROPOÑELO AOS TEUS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS?



ANIMÁDEVOS A CONSEGUILO E ENVIAR O RESULTADO AO CORREO DO COLE!!